

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO

25 DE SETEMBRO DE 2023

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do luns 25 de setembro de 2023** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Luis Antonio Pérez Barral o 20-09-2023) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según Decreto de Alcaldía de data 20 de setembro de 2023

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Estrella Franco Lijó
10.-Eladio Muñiz Muñiz
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr.Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Con carácter previo ó inicio do Pleno e de común acordo entre todos os grupos municipais gárdase un sentido minuto de silencio polo recente pasamento de **D. Hermenegildo Martínez**



Couceiro, quen fora candidato á Alcaldía polo partido socialista no ano 1995 e concelleiro desta Administración Municipal, así como por D. Jaime Luis García Leyra, funcionario moi querido, técnico adscrito ao Departamento Municipal de Urbanismo durante trinta anos.

Asemada a Corporación municipal transmite ás súas condolencias ás familias.

ORDE DO DÍA

PARTE I-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 31 DE XULLO DE 2023.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o 31 de xullo de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2023.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2023.

2.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2022

Dase conta ao Pleno dunha proposta da Alcaldía de data 19 de setembro de 2023 do seguinte tenor literal:

Visto que a Intervención municipal procedeu á formación da Conta Xeral do exercicio 2022, acompañada dos correspondentes informes.

Visto que a Comisión Especial de Contas do día 22 de agosto de 2023 ditaminou favorablemente a mesma, e que estivo en exposición pública ata o día 18 de setembro sen que se presentaran reclamacións ou alegacións.

De acordo co contido dos artigos 200 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

PROPOÑO AO PLENO:

1. A aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022.



2. A súa posterior remisión ao Consello de Contas de Galicia a efectos do seu control externo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a proposta transcrita de data 19 de setembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobal**a proposta da Alcaldía transcrita sobre **APROBACIÓN CONTA XERAL 2022** e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:-A aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022.

SEGUNDO:-A súa posterior remisión ao Consello de Contas de Galicia a efectos do seu control externo

3.- RATIFICACIÓN DO DECRETO: “EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 1 de setembro de 2023 do seguinte tenor literal:

DECRETO: EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”

•
• **O Pleno do Concello de Ribeira en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 09/02/2023, aprobou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”, os proxectos das obras a incluír no dito Plan, así como o Plan complementario.**

•
• **Entre os proxectos aprobados figura o denominado “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”, redactado polo arquitecto municipal Oscar Pidre Mosquera na data febreiro 2023, cun orzamento total de 151.101,12 euros (IVE 21% incluído)**

•
• **Vista a “Comunicación ao concello sobre a documentación presentada na convocatoria POS+OBRASSUM/2023” para a corrección de deficiencias atopadas no citado proxecto, remitida pola Deputación Provincial da Coruña a través da PLATAFORMA SUBTEL, que tivo entrada neste Concello na data 02/05/2023 (rexistrado co número 202310836).**



- *Visto o novo proxecto redactado na data agosto 2023, no que se emendan as deficiencias observadas.*

-

- *RESOLVO:*

-

PRIMEIRO: *Aprobar o proxecto corrixido para as obras de “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”, redactado polo arquitecto municipal, Oscar Pidre Mosquera, na data agosto 2023, cun orzamento total de 151.101,12 euros (IVE 21% engadido).*

-

SEGUNDO: *Remitir á Deputación Provincial da Coruña, por medio da PLATAFORMA SUBTEL, un exemplar, debidamente corrixido, do mencionado proxecto para as obras “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”, a efectos da súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) “POS+” 2023.*

-

TERCEIRO: *Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira Sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, que se celebre.”*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembronovembro de 2023 sobre **RATIFICACIÓN DO DECRETO: “EMENDA DAS DEFICENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS) e en consecuencia aproba:**

PRIMEIRO: *Aprobar o proxecto corrixido para as obras de “VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”, redactado polo arquitecto municipal, Oscar Pidre Mosquera, na data agosto 2023, cun orzamento total de 151.101,12 euros (IVE 21% engadido).*

-

SEGUNDO: *Remitir á Deputación Provincial da Coruña, por medio da PLATAFORMA SUBTEL, un exemplar, debidamente corrixido, do mencionado proxecto para as obras “VESTIARIOS CAMPO*



DE FUTBOL DE OLEIROS (OLEIROS)”, a efectos da súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) “POS+” 2023.

•

TERCEIRO: Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira Sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, que se celebre.”

4.- RATIFICACIÓN DO DECRETO: “APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIBEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TAHUME IX" E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 21/04/2023 (DOG Nº 85 DO 04/05/2023).

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego Industria, Comercio e Pesca e Turismo de data 19 de setembro de 2023 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 26 de maio de 2023 do seguinte tenor literal:

DECRETO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIBEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TAHUME IX" E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 21/04/2023 (DOG Nº 85 DO 04/05/2023).

Vista a orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023,(DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023).

Co obxectivo de que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Esta alcaldía en uso das facultades que lle confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local **RESOLVE::**

1º. Aprobar a agrupación entre o Concello de Ribeira e o Concello de Porto do Son para colaborar na solicitude e execución do Obradoiro de Emprego “Tahume IX”, ao abeiro da orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, que se rexera polo seguinte convenio:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIBEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO " TAHUME IX" E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 21/04/2023 (DOG Nº 85 DO 04/05/2023).

En Ribeira, a 26 de maio de 2023.



COMPARECEN

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, é o seu representante legal consonte ao disposto nos arts. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. Manuel Ruíz Rivas, Alcalde- Presidente do Concello de Ribeira, é o seu representante legal consonte ao disposto nos arts. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente convenio,

Da fe do acto, D. Juan Manuel Salguero del Valle, secretario xeral do Concello de Ribeira.

EXPOÑEN

I. Que mediante a Orde do 21 de abril de 2023 a Consellería de Emprego e Igualdade a aprobou as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

II. Que o art. 3 da Orde citada dispón que terán a condición de beneficiarios e poderán promover os proxectos de obradoiros duais de emprego as entidades locais, sempre que sexan competentes para a execución das correspondentes obras ou servizos, dispoñan da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos e teñan unha media de paro rexistrado no ano 2022 superior a 500 persoas no seu ámbito territorial. Así mesmo, o art. 24 da Orde fomenta a presentación de proxectos conxuntos polas entidades locais.

III. Que os concellos de Ribeira e Porto do Son cumpren cos requisitos establecidos para ter a condición de beneficiarios das subvencións para obradoiros de emprego, e que é do seu interese promover a execución conxunta do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IX”.

IV. Que os concellos teñen capacidade xurídica plena para obrigarse, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas competencias, consonte ao disposto nos arts. 140 CE, 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 111 RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 10, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Exposto o que antecede e co fin de establecer as condicións de colaboración entre os concellos de Ribeira e Porto do Son para promover o proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IX” e solicitar unha axuda para o seu financiamento ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 21 de abril de 2023, conveñen en obrigarse con arranxo ás seguintes,

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio.

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións de colaboración entre os concellos de Ribeira e Porto do Son para a promoción e execución do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IX” e para a solicitude á Consellería de Emprego e Igualdade dunha axuda para o seu financiamento, ao abeiro da súa Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas para obradoiros duais de emprego correspondentes ao ano 2023.

A solicitude do obradoiro de emprego co nome de “TAHUME IX”, realizarase conxuntamente entre os concellos de Ribeira e Porto do Son, no que se impartirán as especialidades de “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns



e centros de xardinería (AGAO0108)” e “**Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)**”

O obradoiro solicitarase para 20 alumnos traballadores, sendo a distribución por concello a seguinte:

- Concello de Ribeira: 10 alumnos- traballadores
- Concello de Porto do Son: 10 alumnos- traballadores

No caso de que sexa concedido o Obradoiro de Emprego, pero o número de alumnos sexa menor ao solicitado, a porcentaxe do reparto será o 50% para o Concello de Ribeira e o 50% para o Concello de Porto do Son e se o número resultante non é enteiro, ao Concello de Ribeira corresponderalle un alumno máis que ao Concello de Porto do Son.

Si debido a esta diminución de alumnos fora necesario modificar o proxecto “Obradoiro de emprego TAHUME IX”, será necesaria a previa conformidade de ámbolos dous concellos.

Se unha vez realizada a selección do alumnado, algún dos concellos non ten un número suficiente de alumnos, poderá completarse con alumnos do outro concello.

SEGUNDA.- Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación subxectivo e material do presente convenio limitase aos concellos de Ribeira e Porto do Son e aos seus termos municipais, respectivamente.

TERCEIRA.- Obrigas das partes.

Os concellos de Ribeira e Porto do Son, para a consecución dos fins a que responde o convenio, obríganse a:

- Adoptar os acordos necesarios para a aprobación do proxecto do “Obradoiro de emprego TAHUME IX” e para a solicitude da subvención para o seu financiamento á Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da súa Orde do 21 de abril de 2023.
- Asumir todas as obrigas detalladas na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 21 de abril de 2023, singularmente as previstas no seu art. 40 e, de xeito específico, a procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas participantes no proxecto, ben como traballador por conta allea ou ben mediante a súa constitución como traballador autónomo ou por conta propia.
- A por a disposición do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IX” os inmobles sobre os que este se executará e que se definen na documentación técnica do referido proxecto. A posta a disposición acreditarase mediante certificación expedida pola Secretaría Municipal ou, no seu caso, documento de cesión para o uso público por tempo non inferior a vinte e cinco (25) anos.
- A achegar a documentación necesaria para a execución do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IX” incluídas, no seu caso, as autorizacións sectoriais pertinentes, e a que sexa necesaria para a solicitude, tramitación e xustificación da subvención regulada na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 21 de abril de 2023.



FIRMANTE - FECHA



- *A achegar o financiamento preciso para a execución do “Obradoiro de Emprego TAHUME IX” con arranxo ao previsto na cláusula cuarta deste convenio.*

CUARTA.- Xestión do procedemento de solicitude, tramitación e xustificación da axuda.

Para os efectos de xestión do procedemento relativo á subvención do proxecto de “Obradoiro de Emprego TAHUME IX” o Concello de Ribeira solicitará a axuda prevista na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 21 de abril de 2023 e realizará os trámites administrativos necesarios para a súa xestión e xustificación. Para a realización de toda a tramitación precisa, facúltase expresamente ao Alcalde- Presidente do Concello de Ribeira.

De acordo co exposto, o Concello de Ribeira terá a consideración de beneficiario da subvención que, no seu caso, se outorgue e asumirá a contratación e o custo das retribucións salariais totais (incluída as cotización empresarial á Seguridade Social), por todos os conceptos do persoal contratado (alumnos- traballadores, persoal directivo, docente e de apoio) en desenvolvemento do obradoiro de emprego “TAHUME IX”, tendo a consideración de entidade empregadora.

O financiamento dos custos necesarios para a execución do proxecto que non sexan subvencionados, incluídos os necesarios para a solicitude da subvención, farase efectivo consonte ás seguintes regras:

- *Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.*
- *Cada concello asumirá segundo as seguintes porcentaxes os gastos comúns, entendendo por tales os correspondentes a custes de persoal ou bens e servizos non imputables a ningún deles individualmente.*
 - *Concello de Ribeira: 50%*
 - *Concello de Porto do Son: 50%*
- *A Dirección do obradoiro de emprego, unha vez finalizado este e atendendo ao proxecto executado, elaborará un informe clasificando os gastos como comúns ou non comúns. Ao informe xuntarase relación certificada e copia autenticada das facturas correspondentes presentadas no concello que ten a consideración de beneficiario da subvención.*
- *O Concello de Porto do Son, logo de recibir a documentación indicada no parágrafo que antecede, transferiralle no prazo de un (1) mes ao Concello de Ribeira a totalidade da achega económica ao seu cargo.*

As modificacións do proxecto “Obradoiro de emprego TAHUME IX” requirirán da previa aprobación ou conformidade de ámbolos dous concellos.

Para o caso de ser precisas para a execución do proxecto autorizacións sectoriais, sen prexuízo de que sexan achegadas polos concellos, facúltase expresamente ao Concello de Ribeira e ao seu Alcalde- Presidente para a súa solicitude.



FIRMANTE - FECHA



QUINTA.- Cumprimento do convenio.

O incumprimento das obrigas consignadas no convenio por calquera das partes facultará á outra para interromper o seu cumprimento e solicitar a súa resolución, que se producirá automaticamente transcorridos quince (15) días naturais.

A resolución do convenio suporá que o concello que non teña a consideración de beneficiario da subvención proceda ao aboamento dos gastos non subvencionados efectivamente realizados nas condicións e prazos previstos na cláusula cuarta.

SEXTA.- Interpretación do convenio.

As dúbidas que poidan xurdir en cumprimento do convenio serán resoltas de mutuo acordo por unha comisión integrada por igual número de vogais de cada concello, designados polos respectivos Alcaldes- Presidentes.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio e causas de extinción.

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e ata o total cumprimento das obrigas que nel se establecen.

Ademais de polo transcurso do seu prazo de vixencia, o presente convenio extinguirase polas seguintes causas:

1. Polo non outorgamento da subvención para o obradoiro de emprego conxunto.
2. Pola súa resolución, a instancia de parte ou de mutuo acordo.

OITAVA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose, ademais de polo establecido nas súas cláusulas, polo Dereito Administrativo e supletoriamente polo Dereito Civil.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir derivadas do seu cumprimento, interpretación ou resolución serán de coñecemento da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente documento, no lugar e data indicados no encabezado.”

2º.- Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego Industria, Comercio e Pesca e Turismo de data 19 de setembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0



-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego Industria, Comercio e Pesca e Turismo de data 19 de setembro de 2023 sobre **RATIFICACIÓN DO DECRETO: “APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIBEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TAHUME IX” E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 21/04/2023 (DOG Nº 85 DO 04/05/2023), quedando convertido en acordo en todos os seus termos transcritos.**

5.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ AD 2/2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 4 de setembro de 2023 do seguinte tenor literal:

ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ AD 2/2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2023

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2023**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) *Financiamento de gastos correntes:*

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de caso, no POS+ 2023 base	334.897,92€

B) *Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:*

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	



TOTAL					

<i>Investimentos sostibles Complementario ao POS+2023</i>	<i>financieiramente NON incluídos no Plan</i>	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
		<i>Deputación</i>	Concello		Total concello	
			<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)</i>		
TOTAL						

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
2ª FASE					
<i>Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base</i>	334.897,92€				334.897,92€
<i>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+2023</i>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<i>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+2023</i>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	334.897,92€	0,00	0,00	0,00	334.897,92€

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023 sobre **APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ AD 2/2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA** e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO: -“Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de caso, no POS+ 2023 base	334.897,92€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:



<i>Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2023</i>	<i>Financiamento dos investimentos</i>				<i>Orzamento total</i>
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible</i>	<i>Total concello</i>	
TOTAL					

<i>Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+2023</i>	<i>Financiamento dos investimentos</i>				<i>Orzamento total</i>
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible</i> <i>(só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)</i>	<i>Total concello</i>	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións q u e non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

<i>POS+ ADICIONAL 2/2023</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento Total</i>
		<i>Concello</i>	<i>IVE Soportado deducible</i>	<i>Total concello</i>	
<i>2ª FASE</i>					
<i>Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base</i>	334.897,92€				334.897,92€
<i>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+2023</i>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<i>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+2023</i>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	334.897,92€	0,00	0,00	0,00	334.897,92€



SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

6.- CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO CONTRATISTA “AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS “SERVIZOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO SALA FITNESS, DINAMIZACIÓN DAS PISTAS DE PADEL, E COORDINACIÓN DOS SERVICIOS DE MONITORADO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA”.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 25 de agosto de 2023 do seguinte tenor literal:

CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO CONTRATISTA “AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE PARA A PRESTACIÓN DOS “SERVICIOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO SALA FITNESS, DINAMIZACIÓN DAS PISTAS DE PADEL, E COORDINACIÓN DOS SERVICIOS DE MONITORADO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA”



Expediente: 2016/010

Visto o expediente tramitado para a contratación dos **Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamización das pistas de padel, e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira**, cun orzamento ANUAL por contrata de 370.773,78 euros (Valor estimado ANUAL do contrato: 306.424,61 euros; IVE 21%: 64.349,17 euros) e unha duración de 4 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

A adxudicación realizouse por acordo do Pleno da Corporación Local adoptado na súa sesión de data 12/08/2016, a favor de "**AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.**", con CIF número **B15835721**, e o correspondente contrato asinou-se na data 31/08/2016.

Para responder da boa execución do contrato o adxudicatario constituíu e depositou un aval do Banco Pastor, S.A., inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 8117/757, como garantía definitiva do contrato por importe de 56.442,41 euros.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre a garantía constituída e depositada.

Vistos os informes emitidos polo técnico do departamento de deportes Cipriano Javier Sampedro Sampedro, de data 25/04/2023 e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 28/04/2023, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva constituída e depositada polo contratista para responder da execución do contrato.

PROPOÑO ao Pleno do Concello de Ribeira, como órgano de contratación competente neste expediente, a adopción do seguinte acordo:

Que se proceda á cancelación e devolución da garantía definitiva de 56.442,41 euros, constituída e depositada por "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.", (con CIF número B15835721), para responder da execución do contrato "Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamización das pistas de padel, e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira".

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023 sobre **CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO CONTRATISTA "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO PARA A**



PRESTACIÓN DOS “SERVIZOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO SALA FITNESS, DINAMIZACIÓN DAS PISTAS DE PADEL, E COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE MONITORADO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA”. e en consecuencia aproba:

ÚNICO:-*Que se proceda á cancelación e devolución da garantía definitiva de 56.442,41 euros, constituída e depositada por “AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.”, (con CIF número B15835721), para responder da execución do contrato “Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamización das pistas de padel, e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira”.*

7.- INICIO EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES CONTRATO DE OBRAS: NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E O SEU ENTORNO.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de setembro de 2023 sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2023 do seguinte tenor literal:

PROPUESTA AL PLENO

Vista la providencia de alcaldía de fecha 11/08/2023, sobre inicio de expediente de penalidades al contrato de obras “NUEVO AUDITORIO DE RIBEIRA Y SU ENTORNO”

Vistos los antecedentes del contrato de referencia, y el informe del arquitecto municipal, Óscar Pidre Mosquera, sobre incumplimiento del plazo de ejecución de la obra, de fecha 30/08/2023.

Visto el informe emitido por la T.A.G. María Teresa Cid Poza, y conformado por el Secretario General del Ayuntamiento, Juan Manuel Salguero del Valle, en fecha 13/09/2023.

Por lo expuesto, se propone al Pleno de la Corporación como órgano de contratación (art. 191.4 y Disp. Adic. 2ª LCSP, y arts. 95 y 97.4 RGLCAP, la adopción del siguiente ACUERDO:

